



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CPI As Revoltas
A Carballa, núm. 17, Cesullas
15115 Cabana de Bergantiños
A Coruña
Tfno: 881880283 Fax: 881880292
cpi.asrevoltas@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiasrevoltas/>

PLAN DE IGUALDADE

CPI AS REVOLTAS



ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. MARCO LEXISLATIVO**
- 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN E CONTEXTO**
- 4. PRINCIPIOS ORIENTADORES**
- 5. OBXECTIVOS**
- 6. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN**
- 7. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO**



1. INTRODUCCIÓN

A pesar dos avances logrados polas mulleres nas últimas décadas, e do desenvolvemento dun corpo legislativo que avoga pola consecución da igualdade de xénero, a realidade cultural sustenta a desigualdade. O peso das tradicións e dos estereotipos sexistas persisten en todas as áreas, manifestándose especialmente na división do traballo, de xeito que as mulleres seguen asumindo os labores domésticos que, ao non ser remuneradas, resultan nunha menor visibilidade e participación na vida social e pública. Así mesmo, o éxito e o fracaso da integración profesional e a desigualdade no desenvolvemento salarial, seguen sendo fenómenos claramente relacionados co xénero.

A igualdade entre mulleres e homes implica visibilidade, empoderamento, igual responsabilidade e participación de mulleres e homes en todas as áreas da vida pública e privada. A igualdade de xénero ten como obxectivo cambiar as estruturas sociais que axudan a manter relación desiguais de poder entre homes e mulleres, tamén implica garantir a igualdade de acceso aos recursos e a súa distribución equitativa.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. O centro educativo debe configurarse como un espazo de oportunidades para a igualdade e toda a comunidade educativa. Ten unha obriga na deconstrución de prexuízos e na prevención do acoso e a violencia sexual e de xénero.

Desde as aulas podemos ensinalles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos. Debemos apostar firmemente pola coeducación como proposta pedagóxica. Baseándonos na igualdade da educación para ambos sexos lograremos crear un espazo onde as oportunidades para a igualdade se poidan materializar entre o noso alumnado.



Na nosa comunidade autónoma o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 asumiu un compromiso coa igualdade de oportunidades e de xénero coa finalidade de promover a construción dun novo modelo formativo capaz de abranguer por igual o feminino e o masculino.

O Plan de Igualdade do CPI As Revoltas pretende ser un documento de traballo adecuado ás necesidades do noso centro, unha ferramenta que nos permita, mediante un modelo coeducativo, avanzar cara a consecución dun clima de igualdade e non discriminación, poñendo o acento na prevención, detección e erradicación da violencia en calquera das súas formas.

2. MARCO LEGISLATIVO

A igualdade de xénero é un principio fundamental que vén recollido na Constitución Española; así o artigo 14 proclama o principio de igualdade ante a Lei ,e no artigo 9.2. establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas. Partindo deste punto, artelláronse as primeiras políticas a favor das mulleres que inspiraron a normativa que, no inicio da democracia, foi dando desenvolvemento e concreción ás primeiras políticas a favor das mulleres.

As administracións públicas deben ser un motor fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de mulleres e homes, co fin de mellorar o nivel e a calidade de vida das persoas e avanzar cara a unha sociedade máis democrática e xusta. O marco legislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade efectiva de mulleres e homes establece no artigo 23, a educación en igualdade de mulleres e homes, e no artigo 24, a integración do principio de igualdade na política de educación.

O artigo 17 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en



materia de Igualdade establece as medidas a prol dunha educación en igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. O artigo 19 fala da erradicación de prexuízos nos centros docentes.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (27 de xullo de 2017), recolle que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria. Entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Ademais destas medidas legislativas, para a elaboración do Plan de Igualdade do noso centro, tamén se tivo en conta a seguinte lexislación e normativa legal:

- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno.
- Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero .
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Esta lei establece principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación



de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado.

- Decreto legislativo 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro , polo que se establece o currículo da Educación Primaria.
- Decreto 330/2009 , do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil.

Finalmente, no ano 2016 a Xunta aprobou o Protocolo de Identidade de Xénero, que establece medidas concretas co seguinte obxectivo: "a diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo. Así pois, a escola ha de ser verdadeiramente inclusiva, espazo onde se ten que respectar a identidade de cada persoa e onde o feito *trans* non causa rexeitamento."

O I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016 – 2020, xorde coa finalidade de que sirva de referente a todos os centros educativos co fin de abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, no que se recollan de forma sistemática as medidas que se van desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas a alumnado, profesorado e equipos de orientación.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN E O CONTEXTO

Na elaboración do plan de igualdade é necesario ter en conta as seguintes fases:

- Diagnose da igualdade no centro educativo
- Establecemento de obxectivos que rexerán o Plan de Igualdade
- Avaliación



DIAGNOSE.

O primeiro paso para o proceso de elaboración do plan de igualdade é o diagnóstico de igualdade de xénero no centro. Valorase como imprescindible esta fase porque permite coñecer a situación do centro en relación á igualdade entre mulleres e homes. Neste diagnóstico realizase a observación e análise do centro no seu conxunto, prestando especial atención ás situacións de desequilibrio de xénero máis acusadas que temos atopado.

Para coñecer a situación de partida en materia de igualdade é preceptiva a observación e análise do centro no seu conxunto, prestando especial atención ás relacións, condutas e actitudes que teñen lugar nel, tanto entre o alumnado como no profesorado, persoal de administración e servizos e as familias. Os distintos eidos do contorno educativo deben ser analizados dende a perspectiva de xénero. Aspectos ou datos que se poden someter a estudo ou observación son os que a continuación de enumeran:

Linguaxe sexista

Analizando neste punto tanto a linguaxe escrita como a oral.. Débese analizar a linguaxe escrita que se utiliza nos documentos oficiais (comunicacións, boletíns de notas, cartas e escritos, actas...) e tamén realizar un autodiagnóstico do profesorado con respecto á linguaxe que utiliza na aula.

Uso desigual dos espazos e os tempos

Este pode ser un signo das relacións de desigualdade entre mulleres e homes, e tamén de discriminación dun sexo respecto ao outro

Material didáctico utilizado analizándoo desde a perspectiva de xénero

Actitudes e valores do profesorado, alumnado e familias sobre igualdade.

Avaliación do plan. É importante ter en conta a avaliación que realiza o alumnado das diversas actividades ou actuación que se desenvolven no centro ao abeiro deste plan, como parte da avaliación intermedia.



4. PRINCIPIOS ORIENTADORES

Para a elaboración do presente Plan de Igualdade tivéronse en conta unha serie de principios orientadores que sustentarán a implementación da educación en igualdade no noso centro.

Transversalidade .O principio de igualdade entre homes e mulleres ten que estar presente no conxunto de accións levadas a cabo polos centros educativos. O enfoque transversal supón integrar a perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten á comunidade educativa.

Visibilidade .Este Plan incorpora medidas e actuacións que poñen o acento na necesidade de visibilizar ás mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade, xa que as mulleres son as grandes ausentes nos materiais didácticos e libros de texto. Por iso é necesario visibilizar as súas achegas ao mundo das artes, política, ciencia..., poñendo en valor a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade.

Inclusión. As medidas e actuacións deben dirixirse ao conxunto da comunidade educativa creando relacións en igualdade entre mulleres e homes. A participación equilibrada de mulleres e homes na toma de decisións e a presenza paritaria en diferentes ámbitos e categorías profesionais debe responder a criterios de capacidade e formación equiparables e gozar de similar consideración.

Empoderamento. termo empregado na IV Conferencia Mundial das Mulleres para referirse ao aumento da participación feminina nos procesos de toma de decisión e acceso ao poder. Inclúe o fortalecemento da súa posición social, económica e política e busca reducir ou eliminar as relacións de poder entre os sexos.



5. OBXECTIVOS

Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- ✚ Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nas distintas facetas da historia, a ciencia, a política, a arte, a cultura, e o desenvolvemento da sociedade.
- ✚ Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.
- ✚ Facer reflexionar ao alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón tanto para os homes como para as mulleres a asignación de roles por condicións de sexo.
- ✚ Establecer unhas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- ✚ Fomentar a participación e a paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.
- ✚ Descubrir nas experiencias diarias, escolares, extraescolares e en todo o ámbito da vida social e cultural, presente e pasada, a igualdade de posibilidades e a equivalencia de achegas dos homes e mulleres.
- ✚ Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.

Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- ✚ Identificar e previr a violencia machista, ademais de propor solucións para ela.
- ✚ Promover prácticas coeducativas que procuren superar as relacións de dominación e dependencia e que permitan avanzar cara á igualdade.

Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- ✚ Adoptar medidas para eliminar o uso sexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na



igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.

- ✚ Implicar os pais e nais nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- ✚ Sensibilizar o profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- ✚ Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro (impresos de matrícula, fichas de titoría, circulares informativas, permisos de saídas extraescolares, etc.) que debe cubrir cada estudante ou familia para evitar a presunción de heterosexualidade das familias.
- ✚ Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e á identidade de xénero.

Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

- ✚ Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares (familias homoparentais ou lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia).
- ✚ Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate ao alumnado «trans-» conforme ao nome e ao xénero elixidos, sen cuestionar ou negar a súa identidade nin en público nin en privado. Non é responsabilidade do alumnado ter que comunicalo a cada un dos seus docentes ou ao persoal non docente, senón que é o centro o que debe asumir esta tarefa.
- ✚ Asegurar que o alumnado «trans-» poida facer uso das instalacións do centro, incluídos vestiarios e baños, conforme ao xénero elixido.
- ✚ Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de



Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal ou física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.

- ✚ Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGBTI, visibilizando o rexeitamento de toda discriminación por motivos de orientación afectivo-sexual, diversidade familiar e identidade de xénero.
- ✚ Responder inmediatamente aos comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGBTI presentes. O silencio e a pasividade reforzan os comportamentos e actitudes de acoso sexista, homofóbico e transfóbico

6. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN.

Organización do centro.

- ✚ Representación dos homes e das mulleres nos órganos de decisión de forma equitativa.
- ✚ Nomeamento dunha persoa coordinadora en materia de igualdade no centro para dirixir as accións enmarcadas no Plan de igualdade.
- ✚ Difusión do plan de igualdade do centro entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- ✚ Promoción da formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- ✚ Promoción do uso dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- ✚ Nomear a cada aula do centro co nome dunha muller recoñecida pola súa historia persoal e profesional, cun traballo previo de búsqueda de información por parte do alumnado das diferentes cursos e etapas do centro.
- ✚ Colaboración con outras entidades na realización de actividades coeducativas, de sensibilización etc.
- ✚ Concreción de actividades arredor das datas coeducativas do calendario



escolar.

- ✓ 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero.
- ✓ 11 de febreiro. Día Internacional da muller e a nena na ciencia.
- ✓ 8 de marzo. Día Internacional da muller.
- ✓ arredor das datas de celebración LGBTI...
- ✚ Concreción do desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- ✚ Concreción do desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.
- ✚ Organización de charlas dirixidas a romper os estereotipos de xénero.
- ✚ Promoción de pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- ✚ Promoción da revisión das programacións cunha perspectiva de xénero.
- ✚ Promoción entre o profesorado de unha guía de identificación de estereotipos.
- ✚ Oferta de materias específicas de igualdade de xénero en diferentes cursos escolares.
- ✚ Participación en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo:
 - ✓ Plan Proxecta - programa Donas de si.
 - ✓ Plan Proxecta - Programa Por 365 días de respecto e igualdade.
 - ✓ Programa Quérote+ .
 - ✓ Contratos – programa. Modalidades de convivencia, igualdade e inclusión.

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- ✚ Revisión das programacións didácticas desde unha perspectiva de xénero co fin de incluír:
 - As mulleres relevantes en cada ámbito do saber.



- Os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres.
 - As desigualdades de xénero.
 - A conquista dos dereitos.
 - Os fitos da historia da humanidade.
- ✚ Proposta dun cambio metodolóxico a través da práctica docente desde unha perspectiva de xénero co fin de producir o cambio cara á escola coeducativa. Para incidir nela, vaise promover:
- A aprendizaxe cooperativa (fronte á competitiva) como oportunidade para o tratamento do conflito entre iguais, a negociación, a toma de decisións compartida e o respecto pola diversidade do grupo.
 - As actividades nas que se fomente a aprendizaxe dialóxica (debate) e o espírito crítico fronte ás desigualdades.
 - As actividades nas que se practica a comunicación non violenta (positiva, asertiva) como estratexia para resolución pacífica de conflitos.
 - A aprendizaxe entre iguais, co fin de favorecer a convivencia, os espazos de confianza e os factores de protección dentro do grupo.
 - A aprendizaxe significativa co fin de coñecer os intereses, gustos, afeccións, realidades, problemas etc. do alumnado.
 - A educación emocional co fin de favorecer a expresión das emocións e dos sentimentos.
- ✚ Abordaxe de temáticas consideradas socialmente tabú, educativamente pouco abordadas, preocupantes socialmente etc. (educación afectivo-sexual, diversidade LGTBI) co fin de favorecer a visibilidade dos problemas existentes entre o alumnado.
- ✚ Revisión do material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- ✚ Actividades de información e sensibilización coas familias co fin de:
- Reforzar o labor coeducativo do centro.



- Reforzar a corresponsabilidade dos nenos e das nenas na asunción de roles no fogar e no exercicio do coidado.
- Reforzar a educación afectivo-sexual.
- Inculcar pautas de prevención do abuso sexual infantil.

Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- ✚ Difusión de información sobre igualdade / violencia de xénero / diversidade LGTBI a través dun taboleiro no centro.
- ✚ Promoción de lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- ✚ Ampliación dos fondos da biblioteca con lecturas coeducativas.
- ✚ Creación dun espazo lila na biblioteca para visibilizar a sección coeducativa.
- ✚ Creación dun fondo de lecturas coeducativas de aula.
- ✚ Creación dun club de lectura coeducativa.
- ✚ Revisión da idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- ✚ Difusión de contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real e efectiva.
- ✚ Xestión das actividades de lecer e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
 - Reestruturar o patio.
 - Incorporar normas de funcionamento do patio.
 - Impulsar a práctica de determinados xogos.
- ✚ Supervisión no bo uso dos espazos tecnolóxicos.
 - Establecer normas de uso cooperativo entre mulleres e homes.
 - Establecer normas de funcionamento das tecnoloxías do centro co fin de corrixir abusos.
 - Priorizar a sensibilización e prevención de problemas de convivencia derivados do incumprimento da lei de protección de datos persoais respecto da toma ou difusión de contidos que atenten contra a dignidade persoal.



- ✚ Promoción da prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- ✚ Prevención do acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais.
- ✚ Promoción da participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- ✚ Promoción do respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- ✚ Elaboración de compromisos de aula/centro para o respecto entre iguais ante problemas de convivencia comúns.
- ✚ Sensibilización ante o que se entende como bo trato co fin de dar unha pauta de conduta, sobre en casos de novas aprendizaxes vitais (ex. descubrimento do propio corpo, acollemento entre iguais, namoro, primeiro encontro sexual, compañeirismo no ámbito profesional etc.).
- ✚ Promoción de actividades de intervención social na comunidade educativa.

8. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

No plan de igualdade establécense tres tipos de avaliación, segundo o momento no que se realizan.

Avaliación inicial ou de diagnóstico.

- Permite obter información da situación de partida para os obxectivos fixados para este plan.



Avaliación de seguimento ou intermedia.

- Consistirá na valoración de cada unha das medidas desenvolvidas dentro do plan de igualdade e a súa realización terá lugar no momento do remate da medida.
- Os instrumentos para esta avaliación poden ser cuestionarios, fichas de rúbricas, etc.

Avaliación final.

- A súa realización será no remate do curso, para comprobar o grao de execución deste plan de igualdade. O obxectivo é analizar se se acadan os obxectivos propostos e o resultado das medidas desenvolvidas, para obter evidencias e valorar os avances coa maior obxectividade posible.
- A avaliación deste plan realizarase mediante fichas de indicadores, a través dos órganos colexiados do centro e recollerase na memoria final do centro.
- Logo da análise e da valoración dos resultados desta avaliación, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares coa finalidade de acadar un maior grao de logro dos obxectivos do Plan de Igualdade.